

¿Alófonos aproximantes de /b, d, g/ en galego?

Alexandre Veiga

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

As descrições fonéticas de sons como [β, δ, γ] en galego ou español que empregan o termo *aproximante* non son apropiadas á súa realidade fonética. Este termo foi creado para nomear certos tipos de segmentos vocálicos ou líquidos na articulación dos cales non se produce contacto entre órganos, e a súa aplicación a consoantes non fricativas sen oclusión completa constitúe unha ben desaxeitada desviación do seu valor orixinal, moi perigosa á hora de analizar fonoloxicamente propiedades como continuo ou interrompido nestes sistemas fonolóxicos.

Palabras clave: Galego, Fonética, Fonoloxía, Aproximantes.

ABSTRACT

Phonetic descriptions of sounds like [β, δ, γ] in Galician or Spanish which employ the term *approximant* are not appropriate to their phonetic reality. This term was created to name some kinds of vocalic or liquid segments in whose articulation no contact between organs is produced, and its application to non-fricative consonants without complete occlusion constitutes a rather inappropriate deviation from its original value, very dangerous in order to analyse phonological properties like continuous or interrupted in these phonological systems.

Key words: Galician, Phonetics, Phonology, Approximants.

Data de Aceptación: febreiro de 2002.

1. A recente publicación (2002) da traducción e “adaptación” galega do libro de E. Martínez Celdrán *El sonido en la comunicación humana* (Martínez Celdrán 1996), debida a S. Labraña Barrero e S. Cerradelo Gómez, pon de novo sobre a mesa unha cuestión non exclusivamente terminolóxica á que non é a primeira vez que facemos referencia partindo de certos feitos fonéticos do español, lingua no estudio fonético da cal a referida cuestión vense vendo reflectida en traballos xurdidos ó longo dos últimos vinte anos, en particular a partir da publicación da *Fonética* do mesmo autor (Martínez Celdrán 1984).

Referímonos á caracterización como *aproximantes* dos alófonos febles dos fonemas /b, d, g/, xa sexa en español, xa en galego, pois neste punto os feitos fonéticos das dúas linguas son coincidentes. O termo foi aplicado por Martínez Celdrán en primeiro lugar a estes sons en español da man dunha proposta interpretativa que percorra o rexeitamento da tradicional e errónea presentación deles como *fricativos*, tal como os interpretara Navarro Tomás (1918), con bastante éxito entre autores posteriores (entre eles Alarcos Llorach 1950). O profesor de Barcelona expresouse ben elocuentemente na súa defensa da necesaria diferenciación entre os sons propiamente fricativos e estes outros que, a pesares da súa tan extendida interpretación como tales, non o son realmente:

Vemos claro que no sólo hay que citar esta diferencia, sino que debemos apoyarla plenamente, puesto que representa hacer hincapié en hechos fonéticos palpables que hasta ahora suelen ser confundidos (Martínez Celdrán 1984: § 4.1.1.2.1.1.4).

Nada temos que obxectar ó dito rexeitamento, que na historia da fonoloxía galega fora iniciado por Veiga Arias (1972: 281-2, cfr. 1976: § 7.2), quen falou dun tipo de realización fonética que chamou *oclusiva débil* e que contrapuxo á articulación *fricativa*. No seu estudio do fonematismo español, Trager (1939) referírase concretamente a [β, δ, γ] como “voiced non-fricative spirants” (1939: § 3.2) e Martinet (1955: § 81, 1956: § 2-21, 1960 §§ 2-24, 3-16, 1980-81: § 1) empregaría o correspondente termo francés *spirantes*¹; en máis dun traballo sobre esta mesma lingua nós mesmos insistimos no erróneo da interpretación como fricativos de sons deste tipo (cfr., p. ex., Veiga 1985: § 1.1, 2001: § 1.1). Contrariamente, a admisión do termo *aproximante* para describir articulacións como as que sempre transcribimos [β, δ, γ]² nunca foi do noso agrado tendo en conta a súa significación e, especialmente,

1 “Les consonnes dont l’articulation suppose le passage de l’air dans un chenal axé au centre de la bouche sont désignées d’ordinaire indifféremment comme des *spirantes*, des *fricatives* ou des *constrictives*, mais il est indiqué de distinguer entre les articulations relâchées (type du *d* d’esp *occupado* [sic, A.V.]), qui tendent vers une ouverture de type vocalique, pour lesquelles on réservera le terme de *spirantes*, et des consonnes d’articulation ferme, nettement caractérisées par le frottement de l’air, qui sont proprement des *fricatives* (type du *th* d’angl. *father*)” (Martinet 1956: § 2-21, sic tipografía).

2 Signos que, en rigor, o A.F.I. prevé para realizacións fonéticas de carácter fricativo sonoro.

os tipos de realización fonética ós que foi inicialmente aplicado o correspondente termo inglés *approximant*.

2. Este termo foi empregado entre as décadas dos sesenta e dos setenta por lingüistas anglosaxóns como Abercrombie (1967), Ladefoged (1975) –quen parece que foi o verdadeiro introductor desta expresión (cfr. Abercrombie 1967: 50, Catford 1977: 119)– ou Catford (1977).

Debemos comenzar sinalando que de acordo con Ladefoged (1975: 277) tódolos vocais do inglés eran *approximants*, así como tamén as unidades fonemáticas non vocais que transcribiu /j, l, r, w/ “in many forms of English”, se ben posteriormente eliminaría a referencia a “all vowels” (cfr. Ladefoged 1993³: 292). Vemos, pois, con claridade, que comenzou integrando neste grupo unidades de realización vocal xunto con unidades líquidas –dotadas de trazo vocálico de acordo coa teoría jakobsoniana (cfr. Jakobson, Fant & Halle 1952, Jakobson & Halle 1956)– e unidades as realizacións fonéticas das cales ofrecen características “semivocálicas”. A consideración de *approximant* non foi concebida por Ladefoged, polo tanto, para ningunha unidade fónica que debamos interpretar como inequivocamente *consonante* partindo das descrições presentes nos autores que acabamos de citar. A do mencionado fonetista parécenos claramente explícita neste senso:

An articulation in which one articulator is close to another but without the tract being narrowed to such an extent that a turbulent airstream is produced (Ladefoged 1993³: 292),

como igualmente as seguintes palabras de Abercrombie, que fan referencia explícita ós vocais e a sons líquidos e “semivocais”:

Finally there are segments made with central passage of the air-stream and open approximation of the articulators, so that no noise of friction is produced. All vowel segments are made by this type of structure (sometimes without any actual contact of the articulators at all), and so are various segments often called consonants, for example the segment at the beginning of the word *run* as pronounced by most people in England and America, and the segments at the beginning of the words *we* and *you*. The rather unsatisfactory names *semivowel* and *frictionless continuant* have usually in the past been given to such segments, but, following a recent suggestion of P. Ladefoged, we shall here adopt the term *approximant* for them (Abercrombie 1967: 50),

palabras nas que podemos facer notar que se destaca a aplicación do termo a segmentos fónicos na produción dos cales os órganos articulatorios non establecen contacto; debemos lembrar tamén que Clark & Yallop (1990: § 7.16), aínda empregando o termo *consonants*,

sinalaron claramente que “Approximant consonants are in many ways comparable to vowels” e que Katamba (1989), quen propuxo como exemplos de *approximants* os sons do inglés que transcribiu [r, l, w, j], especificou respecto deste tipo de articulacións que

the articulators are brought near each other but a large enough gap is left between them for air to escape without causing turbulence (Katamba 1989: 7),

esixindo, pois, ese *large enough gap* entre os órganos, que non aparece por ningures na produción de sons como [β, δ, γ] en galego ou español, para poder falar de *approximants*.

En canto a Catford, este fonetista declarou textualmente que

Typical approximants are ‘close’ vowels, like [i] or [u], ‘semivowels’ like [j], such as the y in English *yes*, the voiced labio-dental approximant [ʋ], common in Indian languages, a very common type of English /r/, and the ‘liquid’ [l]-sound of English and most other languages (Catford 1977: 122),

co que de novo nos atopamos ante a aplicación do concepto, en principio, a sons de natureza vocálica ou “semivocálica”, e tamén líquida cando os órganos deixan aberta algunha canle para a saída do aire espirado; en coherencia, o mesmo autor posteriormente clasificaría como *approximants* os fonemas ingleses que el mesmo transcribía /l, ɹ/ (cfr. Catford 1988: § 9.1).

Este proceder baséase no feito de que Catford interpretou como *approximant* calquera son realizado normalmente sonoro que, non presentando turbulencias na súa realización sonora, si ofrezca un perceptible sopro turbulento a través da canle oral se se produce sen sonoridade. De acordo con este criterio, e con referencia ós sons ós que aludía na cita anterior, engadiría que

It will be found that all of these sounds have the characteristic feature of approximants, that is, have *non-turbulent* flow when voiced; but the flow becomes *turbulent* when they are made voiceless, at about the same initiator power (Catford 1977: 122).

3. Pero fronte ó senso en que os citados fonetistas de lingua inglesa aplicaron este termo, Martínez Celdrán (1984: § 4.1.1.2.1.1.4) desviou a súa significación orixinaria chegando a afirmar literalmente que “las aproximantes son siempre consonantes”. A adoptar esta actitude viuse forzado pola necesidade de diferenciar un son *glide* (no senso de “semivocal”, cfr. Veiga 1999: § 6, 2002a: § 1.2.3) como o que ocupa a posición marxinal do diptongo en, por exemplo, esp. *pie* dun son propiamente consoante, aínda que foneticamente non alonxado daquel (cfr. as nosas reflexións sobre este punto en Veiga 2000: § 2.2), como o que abre a segunda sílaba en esp. *mayo*. Deste xeito empregou un termo concebido para unha serie de articulacións dotadas de rasgo *vocálico* (con independencia de que este ou aquel autor

empregasen termos como *consonant* para facer impropriamente referencia a segmentos de natureza líquida ou semivocal), e nas que se produce aproximación de órganos articulatorios, para referirse exclusivamente a outro tipo de sons, en principio propiamente *consoantes*³, nos que, en troques de simple aproximación, o que se produce é efectivamente un contacto entre os órganos que interveñen na súa produción.

Outro dos factores que conduciron ó citado autor á adopción do termo inglés foi a súa negativa a acepta-la proposta martinetiana de falar de sons “espirantes” por considerar que *espirante* é sinónimo de *fricativo* e, en consecuencia, a adopción do primeiro termo podería levar a confusión. Digamos de entrada que unha diferenciación terminolóxica como esta non ten por qué ser rexeitada a priori se se explicita coherentemente o senso no que se empreguen un e outro termo, tal como fixo o mesmo Martinet. Con todo, a redistribución semántica de termos habitualmente empregados como sinónimos é enormemente perigosa e, neste aspecto, temos que entende-la actitude reticente de Martínez Celdrán. Agora ben, o seu proceder eliminou o emprego dubidosamente aceptable dun determinado termo ó prezo de habilitar outro nun emprego non menos dubidosamente aceptable por canto supón, xa de entrada, a súa aplicación nunha significación claramente desviada a partir daquela para a que foi concebido.

No libro que dá pé a estas reflexións ofrécese unha descrición de sons aproximantes que, precisamente, non resulta axeitada a realizacións fonéticas do tipo de $[\beta, \delta, \gamma]$. Nesta descrición,

c) Articulacións aproximantes: nestas os órganos están achegados mais non o suficiente como para que o aire os roce ó pasar e xere ruído turbulento. Son os sons máis abertos das consoantes propiamente ditas (xeralmente nasais, laterais e semiconsoantes) $[j, w, l, \lambda \dots]$ e os máis pechados dos vocálicos (Martínez Celdrán 2002: 39, cfr. 1996: 37),

non hai, falando con propiedade, lugar para sons consonánticos nos que si se produza contacto de órganos: fálanse de órganos achegados, pero aínda menos ca no caso da produción de sons con ruído turbulento (fricativos); inmediatamente a continuación o autor introduce a expresión *obstruíntes aproximantes* para facer referencia ós sons que transcribe $[\beta, \delta, \gamma]$ e contrapón estes directamente ós fricativos:

nas fricativas os órganos están moi achegados e o aire rózaos ó pasar producindo ruído, mentres que nas aproximantes os órganos están máis abertos e o aire non os roza, e polo tanto non se produce ruído (*ibid.*).

3 Ós que hai que engadir unha posible articulación vibrante relaxada $[ɹ]$ (cfr. Martínez Celdrán 1984: § 4.3.2.2.5). En calquera caso, atopámonos agora sempre ante sons poseedores de rasgo *consonántico* de acordo coa teoría de Jakobson e os seus colaboradores dos anos cincuenta.

Témonos que sorprender de novo cando vemos descritos como máis abertos cós fricativos uns sons na articulación dos cales os órganos realizan bastante máis ca unha aproximación: establecen contacto, o que non sucede, nin moito menos, en tódolos tipos de articulación fricativa (na articulación de [s], [ʃ], [φ] ou [ʌ], por exemplo, non deixa de existir unha abertura para o paso do aire); realizacións como as que transcribimos [β, δ, γ], as *spirantes* de Martinet, vense deste xeito descritas como máis *abertas* cás fricativas en xeral, trastocando, pois, a realidade articulatória. E témonos que sorprender máis, á vista dos debuxos con que en (Martínez Celdrán 2002: 40 = 1996: 38) se ilustra a diferenza entre unha articulación fricativa labial e unha aproximante labial: no segundo apréciase con toda claridade a abertura entre os dous labios, o que corresponde a unha articulación *efectivamente* aproximante, pero de ningunha maneira á posición dos órganos na pronuncia de [β] en galego (p. ex., *fibela* [fi'βela], *árbore* [a'rβore]) ou en español (p. ex., *hebillá* [e'βiʎa], *árbol* [a'rβol]), son que previamente o autor insistiu en caracterizar como *aproximante*⁴.

4. Non podemos, tras todo o exposto, considerar precisamente idónea a aplicación do termo *aproximante* para facer referencia a sons como os que transcribimos [β, δ, γ] en galego e que constitúen as realizacións frouxas dos fonemas /b, d, g/ (p. ex., *avogado* [aβo'ɣaðo] /abO₁'gadO₂/), sons, insistamos, propiamente consoantes e nos que se produce un contacto suave dos órganos nos que se fundamentan as súas zonas de articulación. A dita aplicación supón unha moi dubidosamente xustificable alteración do ámbito para o que o correspondente termo inglés foi concebido e, polo tanto, conducirá a interpretacións non axeitadas e ó emprego –xa corrente en estudos fonéticos sobre variedades lingüísticas galegas– dalgún signo do A.F.I. como [uɹ] para un tipo de son que non é realmente “aproximante” e, por tanto, para un tipo de son diferente daquel pensando na transcripción do cal foi concebido o referido signo⁵.

Por outra parte, non deixaremos de insistir en que, como xa argumentamos a propósito deste mesmo problema na interpretación de certos sons consoantes do español (cfr. Veiga 2000: n. 16, 2001: § 1.1), fonética e fonoloxía deben ser tratadas en todo momento como disciplinas interdependentes se ámbalas dúas pretenden chegar a resultados probatorios e en que, neste senso, temos que chama-la atención sobre o feito de que, en concreto, Catford establecese unha clase de sons *approximant* fundada nunha base fonética que, para empezar, supón por regra xeral a manipulación da realización normal dunha serie de unidades (a eliminación da sonoridade en unidades de realización normalmente sonora) e, por outra parte, non garda ningunha relación con algún trazo que poida presentar valor fonolóxico en inglés, ou ben en

4 Por suposto, tampouco realizacións fonéticas como as dos consoantes nasais ou as dos líquidos realizados propiamente como laterais atopan descrición coherente partindo da súa pretendida consideración como *aproximantes*.

5 Sinalemos que tamén Martínez Celdrán (cfr. 2002: § 6.2.2, n. 1) rexeita o emprego deste signo, defendendo a súa estricta aplicación ó son semivocal correspondente ó vocal [w].

galego ou español (como posiblemente en ningunha lingua), co resultado de que sons vocais como [i, u] se vexan agrupados dentro da devandita clase con sons de natureza consonántica, mentres fican aillados doutros sons vocais⁶. Análises fonéticas así efectuadas de costas á realidade dos sistemas fonolóxicos corren inevitablemente o perigo —e nun caso como este “perecen” propiamente nel— de resultaren arbitrarias e non explicativas de feitos de lingua.

Tampouco deixaremos de insistir en que a terminoloxía non debe constituír un problema por si mesma. É evidente que na tradición terminolóxica do hispanismo non triunfou ningunha proposta de denominación exclusiva para o peculiar modo de articulación de sons como os que transcribimos [β, δ, γ], non plenamente oclusivos, tampouco fricativos nin, insistamos, tampouco aproximantes. Martínez Celdrán (1991) rexeitou a súa caracterización como *oclusivos relaxados*, cando son, precisamente, o resultado dunha relaxación de articulacións oclusivas⁷ sen que a dita relaxación conduza nin a unha realidade fonética *fricativa* nin tampouco a unha realidade fonética *aproximante*. Podemos falar de sons *relaxados* ou, empregando un latinismo ben coñecido na tradición terminolóxica da fonética, de sons *lenes*, se ben, por suposto, estes termos poderían tamén resultar axeitados a outros tipos de articulacións igualmente caracterizados polo seu relaxamento ou escasa tensión articulatoria, polo que estimamos que falar de oclusión feble, incompleta ou imperfecta non é algo que resulte desviado ou desaxeitado para referírmonos a este tipo particular de modo de articulación que establece co propiamente oclusivo de [b, d, g] unha relación baseada nunha diferenza de tensión articulatoria, responsable de que a realización máis frouxa non ofrezca oclusión completa⁸; en calquera caso, expresándonos así sempre nos referiremos a el con maior propiedade que cos termos *fricativo* ou *aproximante* e contribuiremos á prevención das incómodas connotacións de “continuidade” que estes termos conlevan e que tantos problemas poden supoñer á hora de procedermos á análise fonolóxica. Precisamente, neste senso, queremos rematar lembrando que, como expuxemos noutra ocasión (cfr. Veiga 2000: § 4.2), as rectificacións de diversos estudiosos de fonoloxía do español ó desmesurado emprego do termo *fricativo*⁹ en

6 Catford (1977: 121) incluíu os sons vocais máis abertos no tipo articulatorio que llama *resonant*, que contrapón a *fricative* e *approximant* no triple conxunto de tipos *non-stopped* que a súa descrición fonética contempla. Cfr tamén Catford (1988: cap. IV).

7 Xa Martinet (1980-81: 437) sinalara que “Une occlusive dont l’articulation se relâche donne une spirante”. Non imos voltar aquí sobre os problemas de interpretación fonolóxica de alofonías do tipo [b, β], interpretación enormemente perturbada polas descricións dos alófonos febles como *fricativos* ou como *aproximantes*. Remitimos ó que expuxemos ó respecto en (Veiga 1985: §§ 1.2ss, 1992, 2000: § 4.2).

8 “Se trata simplemente de una realización menos tensa de la oclusiva sonora, que en sí misma es siempre menos tensa que la sorda correspondiente” (Veiga Arias 1972: 282, cfr. 1976: § 7.2).

9 Referímonos á xa comentada proposta de Martínez Celdrán e tamén á de Gómez Asencio (1994); para estes autores o modo de articulación fricativo e o “aproximante” veñen a ser variantes concretas dun mesmo modo “continuo”, polo que coinciden no fundamental con Martinet (1980-81), que xa agrupara como *continues* as articulacións que dividía en *fricatives* e *spirantes*. Comparable foi o resultado da análise de Alarcos Llorach (1987: § 7), quen seguiu falando de “variación interrupta-continua” con referencia ás realizacións alofónicas dos fonemas casteláns /b, d, j, g/.

relación con articulacións como as que nos ocuparon ó longo deste escrito persisten na identificación como *continuas* de dúas clases diferentes de articulación consonántica (a fricativa de, por exemplo, [f, θ, s, x] e a oclusiva relaxada de, por exemplo, [β, δ, γ]), co que dan continuidade a unha interpretación da clase fonemática consoante do español (válida, *mutatis mutandis*, para o galego) que naceu do erro conceptual a que conducía a primitiva aplicación de *fricativo* para este último tipo de sons; así, estas teorías, buscando rectificar un erro na descrición fonética, mantivérono de feito ó sustituíren a amplitude conferida ó vocábulo *fricativo* pola conferida a *continuo*, co que deixaron as cousas como estaban non só desde o punto de vista fonolóxico, senón tamén, en realidade, desde o fonético, xa que seguen agrupando baixo idéntica consideración dous tipos de realizacións sustanciais netamente diferenciables.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abercrombie, D. (1967): *Elements of General Phonetics*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- Alarcos Llorach, E. (1950): *Fonología Española*. Madrid: Gredos, 1991⁴.
- (1987): “De nuevo sobre los cambios fonéticos del siglo XVI”. En Ariza, A., A. Salvador & A. Viudas (eds.): *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española. Cáceres 30 de marzo - 4 de abril de 1987*. Madrid: Arco/Libros, 1988, vol. I, 47-59.
- Catford, J. C. (1977): *Fundamental Problems in Phonetics*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- (1988): *A Practical Introduction to Phonetics*. Oxford: Clarendon Press.
- Clark, J. & C. Yallop (1990): *An Introduction to Phonetics and Phonology*. Oxford / Cambridge, Mass.: Blackwell, 1995².
- Gil Fernández, J. (2000) (ed.): *Panorama de la fonología española actual*. Madrid: Arco/Libros.
- Gómez Asencio, J. J. (1994): “Los fonemas consonánticos no líquidos orales del español”. En Alonso, A., B. Garza & J. A. Pascual (eds.): *Actas del II Encuentro de Lingüistas y Filólogos de España y de México*. Salamanca: Universidad de Salamanca, 9-30. Reimpr. en Gil Fernández (2000: 159-83).
- Jakobson, R., C. G. M. Fant & M. Halle (1952): *Preliminaries to Speech Analysis*. Cambridge, Mass.: Massachusetts Institute of Technology, 1972¹⁰.
- Jakobson, J. & M. Halle (1956): *Fundamentals of Language: I. Phonology and Phonetics*. The Hague: Mouton. Tr. esp. de C. Piera: *Fundamentos del lenguaje*. Madrid: Ayuso, 1973².

- Katamba, F. (1989): *An Introduction to Phonology*. London: Longman.
- Ladefoged, P. (1975): *A Course in Phonetics*. New York: Harcourt Brace Jovanovich, Inc.
- (1993³): *A Course in Phonetics*. Fort Worth, etc.: Harcourt Brace College Publishers.
- Martinet, A. (1955): *Économie des changements phonétiques. Traité de phonologie diachronique*, Bern: A. Francke, 1964². Tr. esp. de A. de la Fuente Arranz: *Economía de los cambios fonéticos. Tratado de fonología diacrónica*. Madrid: Gredos, 1974.
- (1956): *La description phonologique, avec application au parler franco-provençal d'Hauteville (Savoie)*. Génève: L. Droz, 1960.
- (1960): *Éléments de linguistique générale*. Paris: Armand Colin. Tr. esp. de J. Calonge Ruiz: *Elementos de lingüística general*. Madrid: Gredos, 1972².
- (1980-81): "De divers types de consonnes continues". *Boletín de Filología de la Universidad de Chile* 31 (1980-81), 435-42.
- Martínez Celdrán, E. (1984): *Fonética (Con especial referencia a la lengua castellana)*. Barcelona: Teide, 1989³.
- (1991): "Sobre la naturaleza fonética de los alófonos de /b, d, g/ en español y sus distintas denominaciones". *Verba* 18, 235-53.
- (1996): *El sonido en la comunicación humana. Introducción a la fonética*. Barcelona: Octaedro.
- (2002): *Introducción á fonética. O son na comunicación humana*. Vigo: Galaxia.
- Navarro Tomás, T. (1918): *Manual de pronunciación española*. Madrid: C.S.I.C., 1990²⁴.
- Trager, G. L. (1939): "The Phonemes of Castilian Spanish". En *Études phonologiques dédiées à la mémoire de M. le Prince N. S. Trubetzkoy. Publiées avec l'appui de l'Institutet for Sammenlignende Kulturforskning et du Ministère de l'Instruction Publique à Prague*. Prague: Jednota Českých Matematiků a Fysiků [= *Travaux du Cercle Linguistique de Prague* 8], 217-22.
- Veiga, A. (1985): "Consideraciones relativas a la actuación y límites de las oposiciones fonológicas *interrumpido / continuo* y *tenso / flojo* en español". *Verba* 12, 253-85. Reed. en Veiga (2002b: 39-67).
- (1992): "Problemas de clasificación de algunos fonemas consonánticos en español: /b, d, g/ ante la oposición *continuo / interrumpido*". En Stolidi, J. (ed.): *Recherches en linguistique hispanique. Actes du colloque d'Aix-en-Provence. 20 et 21 Mars 1992* [= *Études Hispaniques*, 22]. Aix-en-Provence: Université de Provence, 1994, 109-22. Reed. en Veiga (2002b: 119-29).
- (1999): "Interpretaciones de los segmentos semivocales en la historia de la fonología española". En Maquieira Rodríguez, M., M. D. Martínez Gavilán & M. Villayandre Llamazares (eds.): *Actas del II Congreso Internacional de la Sociedad Española de*

- Historiografía Lingüística. León, 2-5 de marzo de 1999*. Madrid: Arco/Libros, 2001, 940-54.
- (2000): “Del fonema castellano /j/”. *Hesperia* 3, 97-156. Reed. en Veiga (2002b: 235-73).
- (2001): “Las unidades fonemáticas de realización fricativa en español”. *Moenia* 7 (2001), 293-330. Reed. en Veiga (2002b: 287-320).
- (2002a): *El subsistema vocálico español*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2002b): *Estudios de fonología funcional*. Noia, A Coruña: Toxosoutos.
- Veiga Arias, A. (1972): “Fonología gallega. Fonemática: El sistema consonántico, IV”. *Grial* 37, 281-91.
- (1976): *Fonología Gallega. Fonemática*. Valencia: Bello.